

8 de marzo, DIA INTERNACIONAL DA MULLER

II Concurso de fotografía

A MULLER TRABALLADORA NO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI

Con motivo da celebración do DIA INTERNACIONAL DA MULLER TRABALLADORA o 8 de marzo de 2018, o Concello de Outeiro de Rei organiza un concurso de fotografía.

BASES

TEMA E CATEGORÍAS

A temática das fotografías deberá reflectir o traballo das mulleres no concello de Outeiro de Rei en calquera ámbito (público ou privado), querendo visibilizar o papel feminino en diferentes eidos da nosa sociedade.

Establécense dúas categorías:

- FOTOGRAFÍAS ANTIGAS
- FOTOGRAFÍAS ACTUAIS

En ambos casos, valorarase a dificultade non soamente técnica senón tamén do momento no que foron sacadas, a orixinalidade, a achega que signifique a imaxe ao coñecemento e recoñecemento do traballo das mulleres.

PARTICIPANTES

Neste concurso poderá participar calquera persoa maior de idade autora das imaxes presentadas ou posuidora, no caso das fotos antigas, dos dereitos sobre as mesmas sendo responsabilidade das persoas autoras ou propietarias das mesmas contar co consentimento das persoas retratadas, declinando a organización toda responsabilidade sobre este particular.

PRESENTACIÓN DE TRABALLOS

- ☑ Admitiranse ata tres fotografías por autor, que poden estar relacionadas entre si (serie) e que en calquera caso poderán ser en branco e negro ou color; tomadas por calquera tipo de cámara.
- ☑ As fotografías deberán presentarse no rexistro do Concello de Outeiro de Rei (físicamente ou por correo postal certificado) en soporte papel fotográfico (en tamaño 20X30) e sempre que sexa posible, irán acompañadas dunha copia dixitalizada en soporte CD en formato JPG ou TIFF, con boa resolución e dun sobre pechado dentro do cal figurarán os seguintes datos para a súa identificación: Nome e Apelidos, DNI, Enderezo, Teléfono de contacto, Correo electrónico, Título da foto e data e lugar onde se realizou (no caso das fotografías antigas cando non sexa posible aportaranse os datos que se coñezan ou unha aproximación). Non se admitirán montaxes fotográficas.
- ☑ A participación no concurso implica a expresa autorización ao Concello de Outeiro de Rei para a reprodución, publicación, exposición e calquera difusión que se considere pertinente, tanto das fotografías premiadas como daquelas outras presentadas que se estime oportuno, así como do nome da persoa autora, sempre que o uso das mesmas non implique lucro para a entidade organizadora deste concurso; as fotografías presentadas pasarán a formar parte do arquivo fotográfico municipal.

XURADO

O xurado estará composto por:

Presidenta:

- M^a José Martínez Vigo, concelleira de servizos sociais.

Vogais:

- Blanca Arrojo Farelo, traballadora social.
- Soledad Picón Acal, axente de emprego e desenvolvemento local, que actuará como secretaria.

O xurado poderá deixar deserto, se o considera oportuno, un ou todos os premios.

PREMIOS

Haberá un premio por categoría.

FOTOGRAFÍA GAÑADORA SECCIÓN FOTOS ANTIGAS: 200 €

FOTOGRAFÍA GAÑADORA SECCIÓN FOTOS ACTUAIS: 200 €

8 de marzo, DÍA INTERNACIONAL DA MULLER

II Concurso de fotografía

A MULLER TRABALLADORA NO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI

PRAZO DE ADMISIÓN

O prazo de admisión de traballos estará aberto do día 5 ao día 23 de febreiro de 2018, ambas datas inclusive.

EXPOSICIÓN

As obras participantes serán expostas na Casa da Cultura de Outeiro de Rei. A exposición será inaugurada o Día da Muller Traballadora, o 8 de marzo de 2018 ás 17:00 h e permanecerá exposta en horario de mañá ata o día 31/03/2018.

ENTREGA DE PREMIOS

Os nomes das persoas premiadas daranse a coñecer publicamente o 08/03/2018, día no que se fará entrega de premios. No caso de que a persoa premiada non poida asistir deberá designar a unha persoa que recolla o premio no seu lugar.

ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación neste concurso supón a aceptación das bases así como o fallo do xurado.

A organización queda facultada para resolver calquera imprevisto que poida xurdir non recollido nestas bases.

